


Deportes



Orientación polos montes de Abadín

O monte do Ouroso, na parroquia de Labrada, acolleu a disputa da segunda edición do Trofeo Concello de Abadín de orientación a pé, unha proba que repetía logo do éxito da convocatoria celebrada en 2015. Ángel Álvarez Serto, do club Aromon de Pontevedra, e Almudena Suárez, do Brigantia da Coruña, fixéronse coa vitoria na categoría de elite, aínda que premios houbo moitos máis, xa que a competición contou con 22 categorías masculinas e femininas federadas, ás que se sumaron as probas de iniciación nas modalidades longa e curta. Ataviados para a ocasión e co mapa facilitado polos promotores como mellor

aliado para guiarse polo monte, os participantes foron tomando a saída e buscando a ruta a seguir entre os 17 percorridos diferentes deseñados pola organización, que correu unha vez máis a cargo do Club Fluvial de Lugo. As distancias ían dende os 4.400 metros, con once puntos de control da proba alevín, ata os 9.000 metros e 19 controis da categoría masculina de elite. A comunidade de montes veciñais en man común de Labrada, en cuxos terreos se disputou a proba, El Progreso e Lácteos Lorán colaboraron na celebración deste trofeo, onde os mellores participantes levaron un queixo como agasallo, mentres que o resto dos competidores entraron no sorteo tamén de varios queixos doados pola empresa patrocinadora. Fotos de C. Pérez.

